

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela

HOMENAXE
A
DARIA VILARIÑO

SEPARATA

1993

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ENTRE O SILENCIO E O DISCURSO

María-Xosé Agra Romero

*“¡Que contaxiosa é a lectura: en canto
unha muller abre un libro, xa se cre
capaz de escribir outro!”*

Sylvain Maréchal

Nun libro recentemente publicado no que se indaga sobre o lugar asignado á voz feminina no mundo grego, a autora, tendo en conta a constante interrelación entre o dominio feminino e o masculino, afirma que: “la idea de la existencia de un discurso específicamente masculino se basa en la confrontación de tal discurso con ese lenguaje enigmático que la Grecia clásica, emplazándolo entre el silencio y el discurso, relega al dominio femenino”¹. A Grecia clásica, en efecto, considerou o silencio coma “o mellor adorno da muller”, o seu ideal de muller non é outro que aquel que a converte nun ser silencioso. Como moi ben nos amosa Ana Iriarte, o silencio supón a ausencia dunha voz propiamente feminina, agás no caso da palabra enigmática, onde a Muller aparece coma portadora privilexiada desa linguaxe, coma intermediaria. Agora ben, é esta unha linguaxe de dobre senso, sinuosa e que, en definitiva, remite ó síntoma da ameaza que supón o poder da Muller, de aí que no mundo público só se atopen cidadáns varóns e que as mulleres sexan seres silenciosos, fóra do ámbito oracular e do da traxedia, onde se presentan coa discreción precisa.

A linguaxe enigmática (a Muller coma portadora dela e coma intermediaria, xa que non coma intérprete) está, pois, entre o silencio (mulleres fóra da escena pública) e o discurso (o dominio masculino). Mais non se trata aquí de examinar a situación das mulleres en Grecia, -ben é certo que o silencio, entendido coma ausencia dun discurso propio, é un elemento importante do mundo grego e unha das constantes da tradición herdada- logo sérvenos de pretexto, amais de exemplo, para achegármonos á cuestión da presenza e impulso do discurso das mulleres. A recente e crecente importancia dos estudos sobre as mulleres será un dos centros do noso interese: a pasaxe do silencio e do enigma ó discurso propio, público. Pero tamén, en estreita relación con isto, quereríamos abordar outra maneira de entender “entre o silencio e o discurso”, referímonos á función da Biblioteca coma intermediaria desa linguaxe que cada vez máis se torna case enigmática se non contamos,

¹ Ana Iriarte, *Las redes del enigma. Voces femeninas en el pensamiento griego*. Madrid, Taurus, 1990, pp. 35.

dada a voráxine informativa, con instrumentos selectivos de acceso á información. O cambio ó que se ven sometidas as bibliotecas nos nosos días, a necesidade de responder a unha grande demanda, tanto en cantidade coma en calidade, de información, modifica o papel da biblioteca, que pasa de ser só gardiá ou conservadora da cultura (o silencio, en certa medida) a instrumento necesario, a intermediaria imprescindible para o labor investigador (discurso). No caso concreto que nos ocupa, a saber, o discurso das mulleres, esta función da biblioteca coma intermediaria resulta un elemento fundamental en canto que nos atopamos ante un ámbito docente e investigador novo.

Desde hai dúas décadas, máis concretamente desde finais dos anos sesenta, comenzaron a desenvolverse os estudos en torno ás mulleres. Estes estudos coñecidos como Women's Studies, de gran implantación no mundo anglo-saxón (especialmente nos Estados Unidos) e que logo serviron de modelo nalgúns países europeos, teñen a súa xénese no movemento feminista, foron impulsados por mulleres universitarias e comprometidas co feminismo no seu intento de transformación e crítica do discurso patriarcal, de ruptura epistemolóxica, que afectará ás diferentes disciplinas ou áreas de coñecemento. Trátase da transformación das disciplinas tradicionais mediante o esforzo colectivo, e non só dunha iniciativa individual, das mulleres que deixan sentir a súa presenza na Academia e na investigación. A institucionalización a nivel internacional destes estudos, maiormente nas Universidades, comporta a posta en funcionamento de cursos, programas universitarios, doutoramento, licenciaturas, é dicir, coma estudos oficiais que, ó mesmo tempo, esixen unha organización, infraestrutura, presuposto e dedicación suficiente para garantir a súa continuidade². Non obstante, os Women's Studies non seguen un esquema uniforme no que atinxe a contidos, metodoloxía e desenvolvemento.

En xeral podemos salientar que o balance destes anos de esforzos e de traballo na investigación, na docencia e de loita pola institucionalización, é positivo. Agora ben, esta experiencia levanta algúns problemas. En primeiro lugar, se se esquece a súa xénese e simplemente se trata de sumar o engadido "e a muller", desvirtúase o propio sentido co que xurdiron: a transformación crítica das disciplinas tradicionais. Outro dos problemas, vinculado co anterior, é o de tomar á muller coma obxecto de estudo, a súa reificación e, en certa medida, o seu encerramento no destino biolóxico e sexual; xerando estereotipos e o emprego de categorías

² Unha información máis detallada dos Women's Studies a nivel internacional pódese ver en Mary Nash, "Conceptualización y desarrollo de estudios en torno a las mujeres: un panorama internacional" en *Papers. Revista de Sociología*, nº 30, (1988) pp. 13-32. Neste artigo recóllense datos significativos, por exemplo: 2154 títulos no catálogo de teses de licenciatura e de doutoramento en máis de 30 categorías científicas, presentados en Estados Unidos entre 1981 e 1984; o paso dun centenar de cursos e seminarios en 1969 ós 30000 no curso académico 1985-86; doutoramento, masters e licenciaturas, a máis das asignaturas e cursos integrados nos planos de estudos, en practicamente tódalas universidades. E un dato igualmente importante, a creación de centros de investigación, con proxectos de investigación específicos. O panorama europeo, sen ter un desenvolvemento tan amplo, segue derroteiros similares.

pechadas. Tras isto está tamén o risco da marxinalidade, ó relegar estes estudos baixo o rótulo de “temas de mulleres”, confinándoos ás “ cousas de chicas” ou ás novas “marías” dos currículos.

Así, o obxectivo inicial e prioritario de incluír ás mulleres alí onde tradicionalmente estaban excluídas precisa unha revisión xa que, ou ben a inclusión non é máis que un apéndice, ou vese coma unha tarefa imposible se non se dispón dun marco categorial e metodolóxico máis axeitado. Nun segundo momento, polo tanto, vaise incidir nas mulleres coma suxeito e obxecto de coñecemento. Trátase de examinar os contidos, as estruturas dos discursos, as metodoloxías, as disciplinas e as institucións. O desprazamento operado dá lugar, na década dos oitenta, á Teoría do xénero. A categoría de xénero devén categoría analítica fundamental coma forma de referirse e expresar a organización social da relación entre sexos, a construción cultural e social da relación entre sexos, negando o determinismo biolóxico, introducindo un enfoque relacional e contextual³. Arredor desta conceptualización a teoría feminista e o discurso das mulleres da un paso máis, xerando unha considerable produción, non exenta de problemas teóricos e prácticos, pero que, en definitiva, supera o perigo de marxinalidade e responde a unha maior preocupación teórica e metodolóxica.

Quizais sexa máis doado ilustrar este cambio tomando coma punto de referencia a investigación no ámbito da Historia —un dos pioneiros e no que, por razóns obvias, se dá unha meirande produción— e no ámbito da Filosofía —xustamente un dos máis resistentes—. As primeiras orientacións sobre a historia das mulleres dirixíronse a poñer de manifesto os silencios do discurso histórico e a recuperar a memoria das mulleres, no claro interese de procurar a súa inclusión, cun certo grao de “victimismo” e de denuncia da misoxinia. Tratábase basicamente de estudos sobre as “Mulleres na Historia”, un engadido á Historia xeral. O paso seguinte foi, precisamente, preguntarse pola historia das mulleres, escribir unha historia propia, dándolle un lugar nela, xeralmente negado, esquencido ou asignado a título de excepcionalidade. O cambio decisivo prodúcese ó non se privilexiar o espacio público fronte ó privado (esto é, a toma en consideración da vida cotiá, do corpo, da sexualidade, da maternidade, do mundo privado das mulleres). Así, mentres que nos anos sesenta a pregunta era “¿teñen as mulleres unha historia?”, a comenzo dos oitenta a pregunta é “¿é posible unha historia das mulleres?”⁴. Dito doutra maneira, segundo Gisela Bock: “el cometido de “restituir las mujeres a la

³ Un punto de referencia case obrigado sobre a tematización do xénero é o artigo de Joan W. Scott: “El género: una categoría útil para el análisis histórico” en James S. Amelang y Mary Nash: *Historia y género. Las mujeres en la Europa moderna y contemporánea*. Edicións Alfons el Magnánim. Valencia, 1990, pp. 23-56. Segundo esta autora, o xénero “es un elemento constitutivo de las relaciones sociales basadas en las diferencias que distinguen los sexos y el género es una forma primaria de relaciones significantes de poder”. O mesmo tempo, a teorización sobre o xénero coma construción social, atende a outras categorías como son as de raza e clase.

⁴ Véxase, Pauline Schmitt Pantel: “La historia de las mujeres en la historia antigua, hoy” en G. Duby e M. Perrott: *Historia de las mujeres en Occidente*, Madrid, Taurus, 1991, Vol. I, pp. 537-547.

historia” condujo pronto a otro: el de “restituir la historia a las mujeres”. La experiencia de las mujeres y la experiencia femenina tienen una historia que, aunque no es independiente de la de los hombres es, sin embargo, una historia propia: de las mujeres como mujeres y para explicarla, las jerarquías entre lo históricamente importante y lo trivial tenían que ser trastocadas⁵. É conveniente facer dúas matización, en primeiro lugar que as mulleres teñan historia non significa, desde esta perspectiva, que a historia sexa a mesma para todas. En segundo lugar, é preciso prestar maior atención a distinción entre a historia do feminismo (o feminismo histórico é un movemento que ten dous séculos) da historia das mulleres.

O resultado logrado neste terreo de investigación pode constatarse na súa produción nos últimos anos, do que temos bos exemplos en dúas obras recentemente publicadas en castelán: Bonnie S. Anderson e Judith P. Zinsser, *Historia de las mujeres. Una historia propia*⁶. Un dos aspectos máis salientables desta historia narrativa das mulleres en Europa é, precisamente, o seu cuestionamento da periodización tradicional: “cuando buscamos hechos de la vida de las mujeres en el pasado, descubrimos gran riqueza de materiales, ámbitos enteros de estudio e investigación completamente nuevos...pero este material pierde su significado si simplemente se inserta en la periodización histórica tradicional, basada en la experiencia del hombre”⁷. A cronoloxía, segundo estas historiadoras, non é o principio organizativo máis axeitado á delimitación da vida das mulleres senón as categorías de función e lugar. A outra obra é a dirixida por G.Duby e Michelle Perrot: *Historia de las mujeres en Occidente*. Aquí atopámonos cunha obra que abarca a historia de Occidente, destacando o seu enfoque relacional e aceptando, sen embargo, a periodización habitual, “admitiendo implícitamente, en resumen, que era válida para la de las relaciones entre los sexos”⁸.

Así mesmo, os escritos dos filósofos sobre as mulleres, a familia, a sexualidade..., escritos claramente normativos, son sometidos ó escrutinio co fin de amosar a misoxinia e a exclusión das mulleres. Nun primeiro momento, igualmente, téntase incluír ás mulleres no discurso filosófico, insístese na necesidade de introducir na historia do pensamento textos considerados secundarios ou esquencidos así coma tamén textos de mulleres, de filósofas (poucas e pouco coñecidas) e as obras das teóricas do feminismo. Na década dos oitenta o problema sitúase na reconceptualización de tódalas esferas do discurso filosófico, nunha maior reflexión teórica e metodolóxica. Así, partindo da non neutralidade do discurso filosófico, a crítica e a reconstrución teórica, a interrogación sobre as categorías fundamentais, a metodoloxía, as dimensións epistemolóxicas e as normativas, aglutinan

⁵ Gisela Bock. “La historia de las mujeres y la historia del género: Aspectos de un debate internacional” en *Historia Social*, n^o9 (1991) pp. 56.

⁶ Barcelona, Crítica, 1991. Vols. I, II.

⁷ *Ibid.* p.16.

⁸ Madrid, Taurus, 1991-2, publicados os volumes I, II e III, que corresponden á Antigüidade, a Idade Media e do Renacemento á Idade Moderna. Convén destacar que a bibliografía aportada, tanto nesta *Historiacoma* na de Bonnie S. Anderson e Judith P. Zinsser é de enorme utilidade.

os esforzos. Razón e sensibilidade, público e privado, natureza e cultura...son sometidos a análise e debate. O máis relevante desta orientación é a pregunta pola existencia e posibilidade dunha filosofía feminista. As tensións e os retos que esto comporta forman parte da discusión que se está a dar hoxe en día e aínda que son sumamente interesantes desbordan o obxectivo destas notas⁹.

Como xa indicabamos, a meirande implantación e desenvolvemento dos Women's Studies produciuse no mundo anglosaxón, as investigacións feministas tamén deron os seus froitos en Francia, Italia..., mesmo en Latinoamérica, mais unha comparación a nivel internacional require unha maior atención á especificidade e peculiaridade de cada país ou zona en particular posto que os ritmos, problemas, teorizacións e preocupacións, a pesar do que poidan ter de común e compartido, son ata certo punto distintas. Tendo isto en conta, referirémonos someramente ó caso de España, onde a implantación acontece máis lentamente pero non por iso con menos vitalidade.

O campo da Historia das mulleres é, certamente, unha das áreas pioneiras en canto a docencia, a investigación e a institucionalización. O Centre d'Investigació Histórica de la Dona, baixo a dirección de Mary Nash é o mellor expoñente¹⁰. A máis de conseguir a institucionalización e oficialidade destes estudos na Universidade, este centro desenvolveu unha infraestrutura de recursos bibliográficos e de investigación na historia das mulleres: bibliografías, índices de publicacións periódicas, Thesaurus, bases de datos¹¹. Especial mención merece tamén o labor levado a cabo por Celia Amorós no terreo da Filosofía. A publicación de *Hacia una crítica de la razón patriarcal* en 1985, introduce, no panorama filosófico español, os problemas teóricos suscitados polo feminismo. O feminismo preséntase coma crítica filosófica, crítica da razón patriarcal nas súas dimensións epistemolóxicas e éticas. Así, tanto as súas publicacións coma a dirección do Seminario permanente de Feminismo e Ilustración no marco do Centro de Investigacións Feministas da Universidade Complutense de Madrid, son un punto de referencia fundamental na investigación filosófica. Cursos, teses e tesañas, material bibliográfico e publicacións son parte dos seus resultados¹².

⁹ A bibliografía filosófica destes últimos anos é abundantísima e, polo tanto difícil de recoller aquí, baste coma referente o libro de S. Benhabib e D. Cornell: *Teoría feminista y teoría crítica*. Valencia, Edicions Alfons el Magnánim, 1990.

¹⁰ Un exame máis detallado da evolución da historia das mulleres é presentado por Mary Nash: "Dos décadas de Historia de las mujeres en España: una reconsideración", en *Historia Social*, nº 9, (1991), pp. 137-161. Para o estado da cuestión en xeral, Celia Amorós: "Del feminismo al feminismo" en *Debats*, nº 27 (1989), pp. 52-60.

¹¹ *Bibliografía Histórica de la Dona á Catalunya, 1800-1939*. Montserrat Sebastiá I Salat: *Thesaurus d'Historia Social de la Dona*. Barcelona. Generalitat de Catalunya, 1988. Projecte Duoda: "La informatización de fuentes para la Historia de las mujeres. Proyecto para la realización de una base de datos documental". *Boletín. Anabad*. XLI (1991), nº 2, pp. 141-152.

¹² Noutras áreas tamén se rexistra unha grande vitalidade nestas cuestións, tal é o caso da Socioloxía, a Antropoloxía, a Literatura... A constitución e consolidación de Seminarios Interdisciplinares nas Universidades españolas é un elemento importante a destacar.

A progresiva importancia e expansión nos últimos dez anos constatada na docencia e investigación (consolidación de Seminarios, cursos de doutoramento, cursos de posgrao, xornadas, monografías e publicacións periódicas) vai unida á contribución das Librerías de mulleres, a editoriais como “La Sal”, Edicións de las Donas, ou Icaria, na difusión da produción e cultura feministas. Este labor vese ampliado dunha forma considerable nos nosos días¹³. Así pois, e a pesar dos problemas, especialmente de financiación de proxectos (problemas que afectan tamén á pouca publicidade ou diseminación dos traballos e publicacións, e en moitos casos impedindo a súa continuidade), estas investigacións están en auxe e teñen unha grande vitalidade, deixando cada vez máis de ser marxinais na comunidade académica.

Ata aquí examinamos, aínda que dun xeito xeral, o estado da cuestión no que respecta ós estudos de mulleres e estudos feministas, quedáanos retomar o outro aspecto sinalado, a saber: a función das bibliotecas, máis propiamente as bibliotecas universitarias, debido ó carácter destes estudos. O noso interese, agora, é reflexionar sobre o papel que poden ou deben desempeñar as bibliotecas na actualidade coma instrumentos de apoio á docencia e á investigación.

O proxecto de reconstrución histórica e teórica que define os obxectivos fundamentais destes estudos e investigacións, implica unha reinterpretación e relectura das fontes tradicionais, atendendo a documentos e textos infravalorados ou esquecidos a máis dos recoñecidos, prestando atención a documentos minusvalorados, isto é, documentos persoais: diarios, autobiografías, correspondencia etc.. Neste senso, os arquivos e bibliotecas soen dispoñer dun material de estimable valor. De aí que as bibliotecas (nacionais e sobre todo universitarias) teñan unha tarefa fundamental: facer accesibles e difundir aquelas coleccións ou fondos que pola súa especificidade son de relevancia para estas investigacións, así como procurar o seu mantemento e desenvolvemento.

A existencia de bibliotecas especializadas, creadas e impulsadas por feministas coma a Biblioteca Marguerite Durand (a principal colección feminista en Francia. París), a Biblioteca feminista de Amsterdam, a Schlesinger Library en Harvard, a Fawcett Library en Londres, por citar algunhas das máis importantes, non esgota as posibilidades, nin cobre todo o ámbito da investigación. As bibliotecas xerais (nacionais ou universitarias) posúen en moitos casos coleccións interesantes e importantes para a investigación neste campo. A elaboración de catálogos ou guías desas coleccións son de grande axuda (as guías de British Library ou da Library of Congress son un bo exemplo, para o tema que nos ocupa). Desde o punto de vista bibliotecario o traballo bibliográfico, de indización, de mantemento e difusión é considerable. Obviamente, ningunha biblioteca dispón dos medios económicos suficientes para adquirir todo (e, consecuentemente, tampouco o persoal

¹³ Neste momento hai xa editoriais españolas que abriron coleccións específicas: Edicións Cátedra. Colección Feminismos.

necesario), pero si ten a posibilidade dun maior aproveitamento dos fondos documentais e bibliográficos. A difusión dos fondos, unha difusión con criterios de especialización, facilita ós investigadores o acceso á información e igualmente o acceso ó documento pola vía do préstamo interbibliotecario.

Dadas as características deste espacio docente e investigador, esto é, o seu carácter interdisciplinar, a súa diversidade, e o ser un campo en expansión, danlle unha certa complexidade á hora de acceder á información e ó control bibliográfico, de xeito que as fontes de referencia se fan un instrumento imprescindible. O rápido crecemento das publicacións (existe un bo número de revistas especializadas: *Signs*, *Feminist Studies*, *Memoria*, *Hypatia: A Journal of Feminist Philosophy*, *Recherches Féministes...*), a incorporación deste ámbito nas publicacións periódicas especializadas das distintas áreas de coñecemento (o número de monográficos, dossier, e artigos é significativo) e, por conseguinte, ó ter unha localización máis ampla que a das publicacións propias, obrigan a unha selección da información, xa que a dispersión por áreas e materias e a información en estado bruto dificultan a accesibilidade. Precísase, xa que logo, unha selección das fontes de información, unha literatura de referencia¹⁴. A unificación e a delimitación de criterios cara á recuperación da información, atendendo ó marco bibliotecario, facilitaría o proceso.

A utilización das novas tecnoloxías da información (acceso a bases de datos remotos, CD-ROM, OPACS,...) contribúen en grande medida ó procesamento da información e a creación da infraestrutura informativa. Isto supón, dunha parte, unha maior potenciación dos Servicios de Información e Referencia pero, doutra, conleva un cambio na función da biblioteca e do bibliotecario, alonxándose do modelo tradicional. É dicir, as novas tecnoloxías non só afectan ós usuarios que se ven obrigados a buscar a información a través de catálogos automatizados, a consultar bases de datos, e a manexarse neste medio, senón tamén ás bibliotecas que se están a converter en centros de información de calidade¹⁵.

Se antes destacabamos o papel fundamental da biblioteca coma intermediaria imprescindible entre o silencio e o discurso a propósito do ámbito de investigación creado polo discurso das mulleres, destacaríamos agora, a xeito de reflexión final, o reto que a biblioteca ten ante si, adaptarse ás novas demandas e necesidades coma intermediaria. Portadora desa linguaxe “enigmática” reflexo dunha complexa estrutura, o reto radicará en manter a súa función de intermediaria sen perde-lo equilibrio entre o silencio (a lectura, o libro e, neste senso, o privado) e o discurso (a escritura, o público).

¹⁴ O “Instituto de la Mujer” ten publicados catro Cuadernos bibliográficos. Para os Women’s Studies pódese ver: Carter and Ritchie, *Women’s Studies: A Guide to Information Sources*. Londres, Mansell, 1991.

¹⁵ A “Primera Conferencia de Bibliotecarios y Documentalistas”, celebrada en Valencia (Maio, 1992), deu boa conta do interese na análise e reflexión sobre a situación de cambio na actividade profesional e a preocupación pola evolución das bibliotecas.

